

ENTREVISTA COS/AS CANDIDATOS/AS

Esta entrevista terá con obxectivo descubrir cal é a motivación que ten o/a candidato/a para ser mediador/a escolar , os coñecementos básicos que ten sobre o tema da mediación e o grao de compromiso que parece ter.



1. **¿ Por que che gustaría ser mediador/a en conflitos?**
2. **¿ Cal consideras que sería o teu rol de mediador/a?**
3. **Algunha vez realizache o rol de mediador/a cos teus compañeiros/as?**
 - **¿Cal era o conflito no que mediache?**
 - **¿Solucionouse?**
 - **¿Como te sentiche?**
4. **¿Coñeces a algún/ha compañeiro/a que realizase ese rol?**
5. **¿ Que cualidades consideras que debe ter un/unha mediador/a?**
6. **¿ Cales das que acabas de comentar cres que tes ti?**
7. **Gardar secreto do que se comenta durante a mediación é moi importante. ¿Por que cres que é así?**
8. **Resume dunha frase o que é para ti a mediación.**
9. **¿En que tipo de conflitos consideras que podes mediar?**
10. **¿ Hai compañeiros/as no centro cos/as que te levas mal? ¿ por que?**
11. **¿Falaches coa túa familia sobre o teu interese por ser mediador/a? ¿ Que opinan?**

12. ¿ Que farías se algún/ha compañeiro/a te presiona para que contes o que pasou nunha mediación?

13.Comenta estas afirmacións:

- Calquera persoa poder ser mediador/a.
- Resolver os problemas por medio do diálogo e cousa de débiles.
- Todos os conflitos poden ser mediables.
- Os problemas ten que resolvelos un mesmo sen axuda dos outros.
- Un/ha mediador/a debe ter unha boa capacidade de escoita activa.

14. ¿ Como anunciarías ti a mediación no centro para que o alumnado se animase a solicitar o servizo de mediación?

15. Se por ter que mediar perdes algunha clase que pensas facer.